



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA METODOLOXÍA PARA O ESTUDO DO IMPACTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ESCALA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a USC para o desenvolvemento dunha metodoloxía para o estudo dos impactos do Camiño de Santiago en Galicia e a elaboración dun informe final que materialice os traballos realizados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, creada como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo. A tal efecto, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos,





para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

En particular, a Axencia Turismo de Galicia ten interese en dar resposta a una falta de información persistente relativa ao impacto do Camiño de Santiago en Galicia, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental. Preténdese deste xeito fornecer de información aos axentes dos sector para facilitar as tomas de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no tocante a este eixo vertebrador que é o Camiño.

Segundo.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e conta con expertos investigadores de contrastada solvencia que conxugan unha ampla traxectoria tanto na análise de impactos socioeconómicos como nas temáticas turísticas. Concretamente, o grupo de investigación GAME_IDEGA ten desenvolvido nos últimos anos modelos de avaliación dos efectos agregados do turismo sobre a produción e a distribución da renda en Galicia utilizando diferentes metodoloxías de análise baseadas no desenvolvemento de modelos input-output deseñados especificamente para cada unha das cuestións analizadas.

O GAME-IDEGA é un grupo de investigación especializado na análise do impacto socioeconómico da actividade turística para o que diseña e desenvolve ferramentas metodolóxicas adaptadas as especificidades de cada proxecto turístico concreto que se pretenda avaliar. O GAME-IDEGA, desenvolve dende fai anos modelos de avaliación do impacto do turismo a diferentes escalas territoriais a partir do uso de modelos multisectorias de equilibrio xeral que difiren no grado de complexidade. A produción de investigación inclúe múltiples artigos en revistas internacionais de primeira liña sobre turismo e metodoloxía de análise de impacto económico e social (Tourism Economics, Tourism Management, International Journal of Tourism Research, Revista Portuguesa de Estudos Rexionais, Revista de Economía Laboral, entre outras).





Terceiro.- Polo tanto, a USC é a única entidade que pode desenvolver este proxecto ao contar con expertos investigadores de contrastada solvencia que conxugan unha ampla traxectoria tanto na análise de impactos socioeconómicos como nas temáticas turísticas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

